

Febreiro, 2021

FeSP-UGT e CCOO denuncian para promover a negociación do XVI Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención a Persoas con Discapacidade

As organizacións sindicais FeSP-UGT e FECCOO, vimos de facer a denuncia do XV Convenio Colectivo Xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade. A denuncia faise antes dos tres meses de finalización da vixencia, conforme ao artigo 7 do Convenio.

O ámbito funcional do Convenio son todas as empresas de titularidade privada, e dos servizos de atención a persoas con discapacidade que teñen por obxecto a atención, diagnóstico, rehabilitación, formación, educación, promoción e integración laboral de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, independentemente da fórmula de financiación das prazas dispoñibles (concertadas, subvencionadas, totalmente privadas ou mixtas) así como as asociacións e institucións constituídas con esa finalidade.

Tamén afecta a todos os centros de traballo de titularidade pública xestionados por empresas, fundacións ou asociacións de carácter privado con ese mesmo ámbito funcional. Inclúiranse neste ámbito todas as empresas e centros de traballo de titularidade privada que presten calquera dos servizos concedidos polas administracións correspondentes a persoas con discapacidade en aplicación á Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia.

E o ámbito persoal do Convenio é todo o persoal que preste servizos nos centros e empresas incluídos no ámbito funcional do mesmo.

O convenio unha vez denunciado, salvo o deber de paz, continuará vixente e plenamente aplicable no resto da súas cláusulas hasta que sexa substituído polo novo convenio. Proponse para o comezo da negociación do XVI Convenio Colectivo o 15 de febreiro de 2021.

FeSP-UGT traballará para defender na negociación colectiva sectorial os dereitos de todos e todas as traballadoras del sector.



Informa-t

Sindicato Nacional de Ensino Privado

XUNTOS PODEMOS MÁIS